

Pintores e escultores galegos crearán imaxes da desaparecida Virxe do Cristal

Xosé Manuel Del Caño presentou onte o seu libro 'Ósos de santo' na torre de Vilanova dos Infantes

L. F.

Ourense | 04·06·23 | 06:06



Presentación do libro de Del Caño, onte, na torre de Vilanova | . // F. C.


Máis de dez pintores e escultores galegos comprométense a crear imaxes da Virxe do Cristal, en distintos estilos e técnicas

artísticas, para cubrir o baleiro que deixou tras de si a morte violenta do cura de Vilanova dos Infantes, en marzo de 2015, e o roubo dunha das imaxes marianas máis pequenas do mundo (do século XVII), cantada por Manuel Curros Enríquez e Xosé Luís [Méndez Ferrín](#). Xa empezaron a traballar nas súas obras Manuel Buciños, Acisclo Manzano, Xosé Cid, Ramón Conde, Xurxo Oro Claro, Soledad Penalta, Xulia Ares, Baldomero Moreiras, Francisco Xosé Pérez Porto e Miguel Ángel Martínez Coello.

Xosé Manuel del Caño fixo onte un chamamento a todos os [artistas](#) galegos que queiran sumarse a esta iniciativa, no acto de presentación do libro 'Ósos de santo' (Edicións Embora), na torre de homenaxe da fortaleza de Vilanova dos Infantes. Alí procedeu á entrega en depósito dun óleo sobre tela da Virxe do Cristal, pintado por Carmucha Vázquez Prats, que o cura cualificou como "marabilloso". Quedará en depósito no santuario da Virxe. Todos os exemplares do libro de relatos 'Ósos de santo' levan unha pequena lámina da Virxe do Cristal, asinadas pola artista.

Dalgún xeito, 'Ósos de santo' dálle continuidade a 'Un tiro para Méndez Ferrín e outras historias'. Nútrese de relatos, textos e situacións de agora mesmo, acabados de saír do forno, que aparecen ao lado de retallos doutros que foron agromando ao longo das últimas catro décadas, como destaca Ramón Caride no epílogo do libro publicado por Edicións Embora.

Todos teñen como denominador común, unha vez máis, a fascinación que sentiu e sente Xosé Manuel del Caño por grandes escritores galegos. Atendendo ao título, "non poderían faltar os ósos de santo. Cada disciplina, cada ámbito, cada sector ten os seus valores, mitos e primeiras figuras; os seus anseios, frustracións, éxitos e derrotas. Tamén as súas reliquias".



O libro 'Ósos de santo', de Xosé Manuel del Caño

Este volume marca perfil propio, así e todo. Mostra algunhas distancias co primeiro. A pesar de teren un mesmo punto de partida, 'Ósos de santo' obedece a un modelo mixto. Aproxímase ao relato curto, ao ensaio, ao xornalismo... "Persegue como meta axudar a construír cultura e país. Tamén abre fiestras a todo o que está por vir. Ao noso futuro común, caso de que teñamos tal cousa –como diría o amigo Darío Gancedo–. E se non o hai, haberá que inventalo", conclúe Caride.

Unha vertente humorística

Vicente Araguas resalta no limiar a súa querencia por Del Caño. "Un dos escritores non soamente con maior capacidade de traballo de Galicia, senón dos que fan o seu choio con meirande talento e xeito". Polo tanto, destaca que ler a este autor, despois de aproximarse a tantos libros debido á súa profesión, "é un labor e paixón que me enche de ledicia". E explica que tivo

que “parar a [lectura](#), morto de risa”, diante dun libro “tan galán e divertido”.

Repara na vertente humorística de ‘Ósos de santo,’ a pesar de que non se trata dun libro de humor en senso estricto. Aborda “temas graves, como a caída do director da Caixa de Aforros de Ourense, Ricardo Martín Esperanza ‘Caíto’, ademáis de apañar o carreiro da retranca”.

Araguas fai fincapé “no ben escrito que está” este libro. “Fala de cousas serias (como a paixón entomolóxica de Méndez Ferrín, outro polo que Del Caño sinte grande querencia, ‘moi aussi’) mais tamén de cousas extravagantes, o que fan del unha especie de novela exemplar, que tamén se pode ler en clave narrativa, coa meirande naturalidade”. E repara que no libro aparece “un asunto definitivamente melancólico: o asasinato do cura de Vilanova dos Infantes, don Adolfo Enríquez Méndez, xunto coa desaparición da Virxe do Cristal”, advocación tan de Curros Enríquez e do propio Ferrín. “Un crime que nos leva a unha Galicia decimonónica e trágica”.

E contra o final do libro, irrompe a ferinte historia do roubo da Virxe do Cristal e o asasinato do cura de Vilanova, Don Adolfo Enríquez.